

VI.D - AXUDAS PREDOUTORAIS: PROGRAMA ESPECIFICO PARA A FORMACIÓN PREDOUTORAL EN ÁREAS CON ESPECIAL DIFICULTADE PARA CONTRATAR DOUTORES

1.- OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar doutorandos e doutorandas integrados en grupos de investigación que estean a realiza-la tese de doutoramento na Universidade de Vigo, e que en función da súa capacitación e formación poidan converterse en novos investigadores naquelas áreas nas que a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) teña detectado déficits na contratación de doutores e doutoras. As axudas se refiren únicamente a candidatos que xa teñan obtido o DEA. Este programa de bolsas establece unha canle específica que pretende promover a formación de doutores nas anteditas áreas e poñelos en disposición de competir no programa autonómico Ánxeles Alvariño. Deste modo a Universidade de Vigo poderá conseguir no futuro melloral a canteira de investigadores dispoñibles para completalo cadro de persoal nas áreas nas que na actualidade non está sendo posible captar doutores. A presente convocatoria está suxeita ao acordo do Consello de Goberno do 5/3/2008 sobre o Programa Propio para a Formación Predoutoral en Áreas de Especial Dificultade para Contratar Doutores.

2.- PARTIDA PRESUPOSTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á partida presupostaria 00VI 131H 641.03. Os grupos nos que se integren os contratados poderán complementar estes contratos con financiamento propio.

3.- BENEFICIARIOS OU BENEFICIARIAS

Establécense un máximo de 3 axudas de nova adxudicación ligadas ás áreas de coñecemento que determinará a COAP previamente ó prazo de presentación de solicitudes para doutorandos e doutorandas matriculadas na etapa de tese no curso 2010-2011 nun programa de doutoramento impartido na Universidade de Vigo e que estean incorporados a un grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación da nosa Universidade.

Aqueles beneficiarios ou beneficiarias dunha bolsa de master de investigación correspondente ao programa propio para a formación predoctoral en áreas de especial dificultade e que cumpran os requisitos previstos nas bases do programa e na convocatoria terá dereito a continuar automaticamente a súa formación nesta modalidade.

4.- REQUISITOS DOS E DAS SOLICITANTES

- Solicitar as axudas predoutorais no programa xeral (convocatoria VI.B) e polo tanto cumprir todos os requisitos sinalados para a dita convocatoria.
- Cumprir os requisitos específicos que estableza a COAP referentes ao perfil de cada praza.
- Non ter disfrutado destas axudas ou doutras homologadas a elas en anteriores convocatorias.

5.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes en **modelo normalizado VI.D**, dirixiranse ao Sr. Reitor da Universidade de Vigo, xunto coa mesma documentación requirida para as axudas predoutorais do programa xeral (convocatoria VI.B) no que se sinalará por orde de preferencia ata tres prazas do programa propio para a formación predoutoral en áreas con especial dificultade para contratar doutores.

6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será do **1 o 30 de setembro de 2010**.

7.- PERÍODO DE DISFRUTE E CONTÍA

A dotación anual do contrato será de 17.000 € (costes incluídos).

Para os contratos de nova adxudicación o periodo de disfrute será do 1 de xaneiro de 2011 ao 31 de decembro de 2012, considerándose, non obstante, causa legal e suficiente para a rescisión do contrato non superar o informe-avaliación ó que necesariamente se someterá o beneficiario de axuda no décimo mes de contrato.

Estas axudas non establecen relación contractual estable nin compromiso posterior de incorporación á Universidade de Vigo

8.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas, tomando como base os mesmos criterios de avaliación e selección que os da convocatoria “VI.B- Axudas Predoutorais: Programa Xeral”.

A Comisión de Investigación ordeará os solicitantes seguindo o criterio anterior. O proceso de adxudicación terá en conta os expedientes dos candidatos e candidatas e a

adecuación dos seus perfís aos marcados na convocatoria, dando prioridade á lista de perfís prioritarios sobre a lista dos perfís suplentes.

Todo candidato ou candidata que teña praza adxudicada neste programa considerarase automaticamente excluído para o programa xeral, no que poderán optar aqueles candidatos e candidatas non seleccionados neste programa.

9.- CONDICIÓN DE DISFRUTE DA AXUDA E OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

O beneficiario ou beneficiaria realizará tarefas de formación e colaboración en réxime de adicación total. O disfrute dunha axuda ao abeiro desta convocatoria é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con outros soldos, salarios ou contraprestacións dinerarias, agás os emolumentos derivados de contratos realizados en aplicación do artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 do 21 de decembro de Universidades (BOE do 24 de decembro de 2001).

O beneficiario ou beneficiaria realizará o seu labor no Centro de aplicación da axuda, sendo necesario para calquera cambio de Centro, ou ausencia temporal xustificada do interesado, solicitar autorización previa ao investigador principal. Deberá remitir copia da solicitude e autorización á Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo.

Segundo RD 63/2007, os beneficiarios/as poderán impartir 60 horas/ano de docencia, con finalidades formativas, logo da conformidade dos Directores da tese e por proposta do Departamento implicado, que o aprobará no seu POD. En ningún caso se encargarán dunha materia ou disciplina completa.

Os/as beneficiarios/as están obrigados a comunicar á Vicerreitoría de Investigación, se é o caso, a renuncia ao contrato tan pronto como se produza a causa que a determine.

Cando un/unha beneficiario/a cese, será substituído por un/unha dos/as suplentes, sempre que reste un período de disfrute igual ou superior a 6 meses.

Unha vez lida a tese, manterase a condición do/a beneficiario/a sempre e cando continúe desenvolvendo labores de investigación na Universidade de Vigo.

O beneficiario no mes de outubro (ou cando renuncie ou cese) deberá remitir á Vicerreitoría de Investigación unha memoria (máximo 500 palabras) que reflecta o labor realizado e os resultados obtidos. Na memoria deberá figurar o visto e prace dos directores da tese de doutoramento.